



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2020

REUNIDOS

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, **Jorge Cubela López**, Alcalde Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade en representación do mesmo conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración; xa que logo,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro de 1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, aos xulgados de localidades de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificado.

SEGUNDO.- Froito do exercicio da anterior competencia é o Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (DOG do 12 de agosto de 2008) que, na súa disposición transitoria primeira, establece que en tanto non se revoguen ou deixen sen efecto polos concellos ou a consellería competente, respectivamente, as designacións de persoal idóneo das secretarías dos xulgados de paz, este persoal deberá colaborar nas funcións propias das secretarías, para o cal no seu apartado segundo senta as bases para dignificar as condicións de traballo deste colectivo que, sen relación laboral coas



administracións públicas, e ao abeiro do artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, está a desempeñar, por un tempo superior aos cinco anos, as funcións nas secretarías de xulgados de paz en localidades de menos de sete mil habitantes.

Neste senso, para garantir a colaboración do persoal idóneo nas funcións propias das secretarías de paz en dignas condicións de emprego, o devandito Decreto prevé a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para fomentar a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes, coas limitacións previstas na referida disposición.

TERCEIRO.- Mediante o Decreto 134/2016, do 22 de setembro, aprobouse a fusión voluntaria dos Concellos de Cerdedo e Cotobade, constituíndose o novo Concello de Cerdedo-Cotobade, cos límites territoriais correspondentes aos dous concellos fusionados e subrogándose o novo concello da totalidade dos dereitos e obrigas dos concellos fusionados. A capitalidade do novo concello radica no núcleo de Chan, parroquia de Carballedo, no antigo Concello de Cotobade.

CUARTO.- Por Orde JUS/1010/2017, do 13 de outubro, o Ministerio de Justicia procedeu, con data 1 de xaneiro de 2018, á supresión dos Xulgados de Paz de Cerdedo e de Cotobade e dispuxo a entrada en vigor do funcionamento do Xulgado de Paz de Cerdedo-Cotobade.

QUINTO.- Tanto o suprimido Concello de Cerdedo como o de Cotobade, de conformidade coa disposición transitoria primeira do mencionado Decreto 168/2008, do 24 de xullo, que ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e determinados Concellos para o financiamento da contratación laboral por parte destes do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz, viñan asinando anualmente os respectivos convenios de colaboración para este fin.

SEXTO.- É vontade do novo Concello de Cerdedo-Cotobade manter unha atención ao cidadán na oficina que antes ocupaba o suprimido xulgado de paz de Cerdedo, coa finalidade de aproximar a administración aos cidadáns e, deste modo, poidan seguir solicitando os trámites de natureza xudicial nas mesmas instalacións que viñan empregando en anos anteriores. Para este fin o Concello de Cerdedo-Cotobade manterá a contratación laboral da persoa que viña desempeñando as funcións de secretario do Xulgado de Paz de Cerdedo, de modo que pasa a ser a encargada desta atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz suprimido.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio, de conformidade coa disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdedo-Cotobade para o financiamento da contratación laboral por parte deste, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cerdedo-Cotobade, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos, ou ben, o concello tivese procedido á súa contratación no ano 2019 ao abeiro da devandita disposición transitoria do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, así como o financiamento da contratación laboral por parte do Concello, do persoal idóneo que viña desempeñando as funcións da secretaría do suprimido xulgado de paz de Cerdedo, e que será a encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz suprimido.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 29 de novembro de 2020, data límite da xustificación do convenio.

TERCEIRA.- CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, o Concello de Cerdedo-Cotobade presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscrición do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello obrígase a poñer á disposición da secretaría do Xulgado de Paz de Cerdedo-Cotobade e da oficina para a atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz de Cerdedo suprimido, sendos locais axeitados cos medios necesarios para a realización das actividades que lle son propias.





QUINTA.- ORZAMENTO E OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Co fin de fomentar a contratación do persoal mencionado na cláusula primeira como administrativo ou no seu defecto, auxiliar administrativo por parte do Concello, a Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Cerdedo-Cotobade os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.461.1 do anteproxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A contía máxima da subvención será de 19.000,00 € coa seguinte distribución:

- Ata un máximo de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) para a contratación laboral por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cerdedo-Cotobade.
- Ata un máximo de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) para a contratación laboral por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade, do persoal idóneo que desempeñaba a secretaría do suprimido xulgado de paz de Cerdedo, e que a partir do 1 de xaneiro de 2018 foi a encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz suprimido.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Para proceder ao pagamento, o Concello de Cerdedo-Cotobade presentará a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo Anexo I).
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados (modelo Anexo II)
- Declaración do cumprimento do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (modelo Anexo III)
- Copias cotexadas dos contratos do persoal contratado ao abeiro da cláusula primeira do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario





presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa será o 29 de novembro de 2020.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Estas axudas serán compatibles con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de maneira que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

En todo caso, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

SÉTIMA.- COMISION DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

O prazo de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, as partes poderán acordar a renovación a través de novos convenios de carácter anual.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Non causas de resolución do presente convenio:





- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos obrigatorios segundo as súas cláusulas por algunha das partes.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da súa finalización.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.





Tendo en conta a natureza xurídico-administrativa deste convenio, as cuestións litixiosas que puideran derivarse da súa execución serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio de colaboración rexerase por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz

De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, subscriben, en duplicado exemplar, o presente convenio no lugar e data ao comezo sinalados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA



Alfonso Rueda Valenzuela

O PRESIDENTE DA COMISIÓN
XESTORA DO CONCELLO DE
CERDEDO-COTOBADE



Jorge Cubela López



ANEXO I

_____, Secretario-Interventor do Concello de
Cerdedo-Cotobade

CERTIFICO:

- Que en cumprimento do establecido no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdedo-Cotobade, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de Xulgados de Paz, de data _____ de 2020, o Concello de Cerdedo-Cotobade procedeu á contratación de D. _____, desde o _____ de _____ de _____ ata o _____ de 2020, e á contratación de D. _____, desde o _____ de _____ de _____ ata o _____ de 2020 como persoa encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz de Cerdedo suprimido
- Que o custo total das devanditas contratacións no presente ano 2020 ascende a _____ euros e _____ euros respectivamente, co seguinte desglose:

Secretario do Xulgado de Paz de Cerdedo-Cotobade:

- Salario líquido: _____ euros,
- Retención IRPF: _____ euros
- Seguridade social (achega do traballador): _____ euros
- Seguridade social (achega correspondente ao Concello): _____ euros

Persoa encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz de Cerdedo suprimido:

- Salario líquido: _____ euros,
- Retención IRPF: _____ euros
- Seguridade social (achega do traballador): _____ euros
- Seguridade social (achega correspondente ao Concello): _____ euros

- Que o importe correspondente á retribución de D. _____ e de D. _____ foi contabilizada e pagada.

E para que así conste ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co fin de acreditar a xustificación do mencionado convenio, expido a presente certificación, en _____ a _____ de dous mil dezanove.

Visto e Prace
O Alcalde





ANEXO II

D. Jorge Cubela López, Presidente da Comisión Xestora do Concello De Cerdedo-Cotobade

DECLARA:

Que en relación co convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e este concello con data _____ de 2020, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións das secretarías de xulgados de paz, polo que se lle concede a este concello unha subvención de 19.000,00 € para a contratación laboral para o ano 2020 do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz, e para a contratación laboral da persoa encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz de Cerdedo suprimido, este concello:

- Non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo fin.
- Solicitou a subvención (identifíquese o nome da subvención ou convenio) e lle foi concedida polo importe de.....euros.

E para que así conste, segundo o sinalado na cláusula sexta do devandito convenio, asino esta declaración en.....a de..... de 2020.





ANEXO III

Don. Jorge Cubela López, con NIF nº..... Presidente da Comisión Xestora
do Concello De Cerdedo-Cotobade

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a entidade á que represento, beneficiaria dunha subvención ao abeiro do Convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdedo-Cotobade no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz, **non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2¹ e o 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

E para que así conste, asino esta declaración.

En..... ade..... de 2020

- 1) Inclúe "e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma" e "g) non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións"

